ANPA do CPI Plurilingüe de Vedra
Avda. Do Mestre Manuel Gómez s/n
15885 Vedra, A Coruña
info@anpavedra.es

ACTA DA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA DA ANPA A BOCA DO CPI DE VEDRA

Data: **xoves 16 de outubro de 2022**, ás 18:45 horas en primeira convocatoria e ás **19:00 en segunda convocatoria**,

Lugar: **Biblioteca Municipal do Concello de Vedra**.

ORDE DO DÍA

1- Aprobación da acta da asemblea anterior.

2- Informe das actividades realizadas.

3- Información e aprobación, se procede, das contas e do orzamento para o curso 2023/2024.

4- Información e aprobación, se procede, do programa de actividades para o curso 2023/2024.

5- Información sobre as accións desenvoltas en relación coa problemática do transporte escolar neste curso.

6- Propostas e suxestións .

Iníciase a asemblea en 2ª convocatoria, ás 19:00h.

1- Aprobación da acta da asemblea anterior

A acta é aprobada por unanimidade.

2- Informe das actividades realizadas.

- a. Transporte escolar. O curso rematou mellor que como comezou. Tras moitos problemas, mantivemos un contacto fluído coa dirección do centro, familias, alcalde e responsables de Monbús, informando de cada retraso ou dos distintos problemas. Interpuxemos a través do Rexistro da Xunta de Galicia 4 queixas, que se traduciron en

alomenos un caso nunha sanción á empresa, en todos eles un apercibimento, pero descoñecemos se houbo máis actuacións.

- b. Solicitudes de subvencións:
    - Solicitamos unha subvención ao Concello de Vedra para a posta en marcha da Escola de Familias, que nos deron por 920 euros.
    - Solicitamos unha subvención á Deputación da Coruña para un programa de actividades dirixido aos/ás adolescentes, que imos poñer en marcha neste trimestre, e que nos outorgaron 1.078,68 euros.
    - Solicitamos unha subvención á Xunta de Galicia para poñer en marcha un programa de educación afectiva e sexual no CPI, pero foinos denegada.
- c. **Escola de Familias**: Puxemos en marcha esta actividade, na que xa tivemos dúas charlas, cunhas 40-50 persoas por charla. Tivemos unha sobre necesidades de apoio educativo específico, nas que participaron a orientadora do CPI, Beatriz Trigo, e unha psicóloga e unha terapeuta ocupacional de Chavert psicoloxía. Por outra banda, tivemos unha charla sobre educación e sexualidade, cunha psicóloga do gabinete Belén Montesa. Ademais, financiamos unha das atraccións do festival de fin de curso.
- d. **Organizamos 2 actividades de tipo deportivo**: unha nas vacacións de entroido, un campus de aventura e orientación; e unha segunda de Parkour e Breaking, na mañá do 19 de marzo. e. Con motivo das eleccións municipais, reunímonos con todas as candidaturas para expoñer as necesidades da comunidade educativa.
- f. **Participamos nun estudo sobre a conciliación e a atención a persoas dependentes no Concello**.
- g. Mantivemos unha xuntanza co Concello xunto coas demais anpas, para consensuar as **actividades extraescolares**.
- h. Mantivemos dúas xuntanzas con persoal da **Deputación da Coruña** para comentar un proxecto de mellora da seguridade viaria.
- i. Realizamos as **fotografías grupais**, que tivemos 236 peticións, o que foi bastante complicado de xestionar, pero que finalmente foi en xeral, ben valorado.
- j. **Mediamos** entre varias familias e o centro, así como ofrecemos asesoramento.
- k. Participamos en diversas **comisións da FANPA Compostela** (actividades, igualdade, diversidade…) e a presidenta incorporouse á directiva da mesma como vogal.
- l. A través da FANPA, organizamos a **exposición** de “Fotografías en Igualdade” no centro, e máis un contacontos sobre a igualdade de xénero.

- m. O **nutricionista** do Sergas que ten asignado o centro de saúde de Vedra realizou varias charlas no centro para o alumnado sobre alimentación saludable.

3- Información e aprobación, se procede, das contas e do orzamento para o curso 2023/2024.

A tesoureira informa:

- O saldo conta corrente a 30/06/2023: 3236.56€
- O saldo a data 11/7/2023, despois de realizar os últimos pagos de charlas, fotos e colaboración co festival de fin de curso, é de 2641,64€.

Apróbase por unanimidade dos presentes.

4- Información e aprobación, se procede, do programa de actividades para o curso 2023/2024.

A presidenta explica que manterán as actividades iniciadas o curso anterior, nomeadamente:

- Escola de nais e pais.
- Programa de actividades de lecer para Secundaria (Terceiros Tempos).
- Apoio nas festas organizadas desde o CPI.

Apróbase por unanimidade.

5- Información sobre as accións desenvoltas en relación coa problemática do transporte escolar neste curso.

Xa foi exposto no punto 2, no informe de actividades desenvoltas. Acórdase estar alertas por se volver haber problemáticas.

6- Propostas e suxestións

Sen máis asuntos que tratar, ás 20:30 horas finaliza a Asemblea.

Patricia Rey Vázquez	Eliana Martíns Alvela
Secretaria	Presidenta